

1.- Oferta de traballo do GRID[ECMB]

O grupo Interdisciplinar de Estatística, Computación, Medicina e Bioloxía GRID[ECMB] da Universidade de Santiago de Compostela (USC) precisa unha persoa para cubrir unha praza dentro do proxecto de investigación do grupo coas seguintes características:

- Perfil: Licenciado/Graduado con acreditación de formación en bioestatística.
- Labores a realizar: enmarcadas dentro dos proxectos do GRID[ECMB].
- Duración do contrato: 4 meses a tempo parcial.
- Temporalización: 25 horas semanais.
- Retribución: 700€/mes (inclúese neste importe a retribución bruta anual do contrato e o pago dos costes sociais).

Os interesados deberán enviar un email a gridecmb@gmail.com con Asunto: "Praza GRID[ECMB]" antes do día 29 de outubro de 2012.

2.- XIV Conferencia Española de Biometría

A área de Estatística e Investigación Operativa da *Universidad de Castilla-La Mancha*, a instancias da *Sociedad Española de Biometría*, organiza a **XIV Conferencia Española de Biometría 2013**, que terá lugar na Facultade de Medicina de Ciudad Real os días 22, 23 e 24 de maio de 2013.

Xa está aberto o prazo de preinscrición.


Máis información : <http://areaestadistica.uclm.es/biometria2013/>

3.- 18th European Young Statistician Meeting

Está aberto o prazo de selección de candidatos para participar no **18th European Young Statisticians Meeting**. O Comité Organizador Internacional (IOC: International Organizing Committee) elixirá dous candidatos para participar na decimo oitava edición deste congreso organizado pola *European Regional Committee of the Bernoulli Society*.

Aqueles investigadores na área da Estatística ou a Probabilidade, menores de 30 anos ou que teñan entre dous e oito anos de experiencia investigadora, e que desexen participar, deberán enviar o seu CV a alba.franco@uvigo.es antes do 25 de Novembro de 2012 (inclusive). Darase preferencia aos investigadores que participen por primeira vez.

Web do congreso: <http://www.mathos.unios.hr/eysm18/eysm.html>



Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>